



XORNADA RESPONSABILIDADE E BO GOBERNO

Santiago de Compostela 14 de xullo do 2016

QUEN PROMOVE E ORGANIZA?

A [Asociación Española de Fundaciones](#) e [Algalia](#).

Desde diferentes ámbitos, buscamos a mellora no goberno, a dirección e a xestión das fundacións, e con este obxectivo en común colaboramos no deseño e organización de ciclos formativos específicos de apoio ás fundacións.

A nosa vontade é contribuír dunha forma específica e especializada á profesionalización do sector fundacional, sen esquecer ao sector non lucrativo en xeral.

PARA QUEN?

Membros do padroado e persoal directivo ou de xestión dunha Fundación, ademais de calquera outra persoa interesada no terceiro sector.

Haberá un máximo de 20 participantes por sesión, tendo preferencia quen siga o ciclo completo.

PARA QUE?

Os obxectivos que queremos alcanzar son os seguintes:

- Formular, analizar e abordar de forma práctica as necesidades, retos e problemas na gobernanza das fundacións.
- Ofrecer unha visión xeral ás principais obrigacións xurídicas, contables e fiscais das fundacións de ámbito autonómico e estatal, á vista das principais novidades aplicables nestes campos.

CON QUE METODOLOXÍA?

Cada persoa asistente disporá dun itinerario a través do cal abordará as principais cuestións de cada un dos catro módulos de desenvolvemento deste ciclo formativo, nos termos detallados nos obxectivos e a descrición.

A metodoloxía será eminentemente práctica, habilitando mecanismos para poder expor casos concretos de cada entidade e poder abordalos como elemento de aprendizaxe grupal.

Para iso as persoas participantes poderán expor previamente ao equipo docente calquera dúbida que queira ver abordada na sesión, de maneira pública ou anónima, para despois poder ser integrado ese contido e compartida a aprendizaxe.

CON QUE CONTIDOS?

Modulo 1: Responsabilidade e Bo Goberno

Dotar ás Fundacións e os seus órganos máximos de goberno, dunha serie de pautas e recomendacións prácticas que, dende a obrigatoriedade en canto a lexislación e estatutos, e desde

a voluntariedade en canto a boas prácticas, axuden a reflexionar co fin de, respectivamente, garantir a dilixencia debida no cumprimento das obrigacións, previndo responsabilidades e mellorar os modos de facer.

As obrigacións de rendición de contas e transparencia, de acordo coa regulación propia destas organizacións e de acordo coa recentemente aprobada **Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno** e a súa **Orde de 3 de marzo de 2016 pola que se aproba o modelo normalizado de solicitude de acceso á información pública da Administración xeral e das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia**, e as obrigas das fundacións e asociacións en relación coa normativa de prevención do branqueo de capitais e o financiamento do terrorismo, conforme ao previsto na **Lei 10/2010, de 28 de abril**, e o desenvolvemento regulamentario aprobado por **Real Decreto 304/2014, de 5 de maio**, incluíranse nesta xornada, ofrecendo unha visión práctica das medidas a adoptar polas entidades de acordo á nova normativa.

A **Lei 43/2015, de 9 de outubro, do Terceiro Sector de Acción Social** subliña o fortalecemento e promoción de prácticas e criterios de bo goberno e de transparencia nestas organizacións.

Para iso desenvolverase o seguinte programa:

- As responsabilidades de goberno nas fundacións e asociacións.
- Elementos organizativos do órgano máximo de goberno.
- Funcións do órgano máximo de goberno: o desempeño das funcións esenciais e indicadores de boas prácticas.
- Factores críticos da eficacia do órgano máximo de goberno.
- Fundamentos legais do goberno de asociacións e fundacións. Dereitos, deberes e responsabilidades dos membros do órgano máximo de goberno.

Formadora: Isabel Peñalosa Esteban, directora da asesoría xurídica e fiscal da Asociación Española de Fundacións.

CANDO E ONDE?

CALENDARIO

- **14 Xullo:** Responsabilidade e bo goberno

HORARIO

De 9:00 a 14:00 e de 15:30 a 17:30 (inclúe xantar)

LUGAR

Hotel Ac Palacio da Carmen. C/ Oblatas S/N. 15703 Santiago de Compostela .

COMO APUNTARSE?

INSCRIPCIÓN

A través da páxina web de algalia www.algalia.com.

A data límite para a inscrición será o 11 de xullo

PRAZAS

25 participantes.

PREZO

- 175€

(*) Estes importes inclúen o xantar no propio lugar de impartición do curso

DESCONTOS E CONDICIÓN

- Os socios da Asociación Española de Fundacións terán un desconto do 30%.
- Aplicarase un 20% de desconto ás segundas e sucesivas inscricións de participantes dunha mesma fundación.
- O prezo inclúe a documentación e o xantar no propio hotel
- A inscrición poderá cancelarse 72 horas antes da celebración do seminario. En caso contrario se abonará o 50% da importe.
- Os descontos non son acumulativos
- O ciclo é bonificable pola FTFE. Podes informarte das bonificacións que a túa entidade poderá aplicarse nas cotizacións á Seguridade Social pola realización dos nosos cursos no 986-379587 ou algalia@algalia.com.